




## BOLETÍN NOVIEMBRE 2023

### APE GALICIA – NOVAS

- ✓ XIII CONGRESO DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS 2023
- ✓ GALA CEO OURENSE 2023
- ✓ INAUGURACION COWORKING CENTRO GALEGO EN MADRID



## APE GALICIA - NOVAS

### ❖ APE GALICIA CELEBRA O SEU XIII CONGRESO DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

O 16 de decembro no Hotel Carlos I Silgar de Sanxenxo celebrouse o XIII Congreso das persoas traballadoras autónomas de Galicia organizado por APE Galicia.



Contou coa asistencia de diversas autoridades e representantes de asociacións vinculadas a APE Galicia así como unha nutrida asistencia de persoas traballadoras autónomas que se desprazaron desde diversos puntos da xeografía da nosa comunidade autónomas e doutros puntos de España para participar neste acto e destacar así a figura tan importante dos traballadores e traballadoras autónomas.

Este evento é quizais o máis importante do ano para a nosa asociación e durante o mesmo trátase de recoñecer o esforzo e a traxectoria de diversas persoas traballadoras autónomas que co seu traballo diario contribúen ao crecemento da nosa economía.

Este ano os galardoados foron:

- Luis González Rey
- Patricia Galego García
- Teresa Rodríguez Bartolomé
- Julio Vila e Yolanda Castro
- Luis Abelleira Álvarez
- Ines Jul López
- Carmen Vázquez Nores
- Omar Rodríguez Ocampo

Cada un deles pertence a diferentes sectores de actividade pero todos teñen unha característica común, ser persoas traballadoras autónomas vinculadas a Galicia.

Entre as autoridades asistentes atopábanse representantes da Xunta de Galicia, como o Conselleiro do Mar e a Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias así como representación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Tamen asistiron ao acto, en representación da Deputación de Pontevedra, o seu presidente e vicepresidente así como concelleiros de Sanxenxo e Marín.

Durante o evento e despois de premiar a traxectoria de estas persoas traballadoras autónomas, APE Galicia quixo tamén recoñecer, coa súa insignia de ouro, a dúas persoas moi

significativas para a nosa asociación pola súa colaboración sempre a prol do colectivo autónomo.

A primeira destas insignias foi para José Manuel Rodríguez Simón, quen debería haber recibido este recoñecemento na pasada edición pero motivos de saúde impediron a súa asistencia ao acto.

A segunda insignia de ouro foi para Pablo Fernández López, actual Secretario Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia que sempre estivo moi vinculado á nosa asociación formando parte da Xunta Directiva ata o seu recente nombramento.

O acto deu comezo pasadas as 8 da tarde e tras o discurso do presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, e da concelleira de Sanxenxo, María Deza, interveu o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, que tras agradecer aos presentes a súa asistencia e a confianza depositada por parte das asociacións vinculadas para levar as riendas desta asociación, quixo tamen ter unas palabras para os ausentes que, por diversas razóns, non puideron asistir ao evento este ano.

A continuación comezou a entrega dos galardóns, o primeiro deles foi **Luis González Rey**, de **ERROR Ferrol**, un xove empesario que rexenta un negocio de reparación de móbiles que contou como foi a súa andadura ata chegar a converterse en autónomo e agradeceu emocionado este recoñecemento.

A segunda galardoada foi **Patricia Galego García** de **QUICHEN Biocociña**, negocio adicado a biocociña e nutrición ubicado en Lalín e que trata de asesorar e formar nesta materia tanto a nenos como a

adultos creando produtos e experiencias gastronómicas de calidade.

Nesta edición tamén premiouse a traxectoria de **Teresa Rodríguez Bartolomé**, farmacéutica compostelá cofundadora das **Parafarmacias Farmarró** polo ano 1996, algo innovador naqueles tempos xa as poucas que existían eran franquicias, e tivo que lidiar batallas diarias cos laboratorios que entón eran reacios ao non ser unha farmacia como tal, e según o seu testimonio a día de hoxe é a única autónoma neste tipo de establecementos que subsiste na capital galega.

Continuaba a entrega para **Asesoría VILACASTRO** de Ourense que, o falecemento dun familiar directo impediulles aos titulares (Julio Vila e Yoalnda Castro) estar presentes. Este ano celebran o 35º aniversario desde que decidiron emprender a súa aventura como autónomos.

En representación acudiu a súa filla que agradeceu en nome dos seus pais este recoñecemento.

Chegou o turno de **Luis Abelleira Álvarez**, de **AEROLUGO**, enxeñeiro industrial de Lugo e todo un referente no sector aeronáutico, pioneiro na impartición de cursos de drones e grazas a ir ampliando o taller aeronáutico do seu pai puido ir executando proxectos novedosos e únicos na nosa comunidade como a construción dunha aeronave eléctrica de dúas prazas tripulada.

Outra das mulleres premiadas foi **Inés Jul**, gandeira de Friol que rexenta a **gandeiria** de vacún **Currás Xiá** que constitúe a remuda xeracional nunha gandería familiar.

Inés é unha das poucas mulleres mozas que rexenta unha granxa de ese tamaño. Traballadora e cooperativista, amosa con orgullo a súa forma de vida e quixo dar protagonismo as mulleres neste ámbito agradecendo especialmente a súa nai, todo un exemplo para ela e para as súas tres fillas.

**Carmen Vázquez Nores** foi a seguinte premiada, mariscadora da **Confraría de Lourizán** e moi activa no mundo do mar, na ctualidade é presidenta do GALP Ría de Pontevedra, e durante anos foi presidenta da súa confraría, actualmente é unha das tres mulleres que exerce o cargo de **patroa maior** dunha das 62 confrarías que hai en Galicia.

A entrega dos galardóns pechouna o **PAZO CORUÑA de Madrid**, restaurante referencia na capital de España que rexenta **Omar Rodríguez Ocampo**, pero que non puido acudir a recolello e no seu nome agradeceu o premio, José Luis Caba Noblejas, representante de AXGATUR.

Este restaurante galego da capital é un exemplo de bo facer, está especializado en comida tradicional galega no centro de Madrid.

Para pechar os recoñecementos, a secretaria xeral de APE Galicia, Sonia Acuña explicou no seu discurso as razóns polas que a nosa asociación quixo impoñer a insignia de ouro a dúas persoas: Jose Manuel Rodríguez Simón e Pablo Fernández López, que emocionados quixeron recordar o que APE significou a segue a significar para eles.

Pechou o acto a intervención do Conselleiro do Mar, Alfonso Villares, quen valorou no seu discurso o traballo que todo o colectivo autónomo fai a diario.

A continuación os asistentes puideron disfrutar dunha agradable velada.

## APE FORMACIÓN

### ❖ CONTINUAN NA SEDE DE APE GALICIA A IMPARTICIÓN DOS CURSOS PARA PERSOAS DESEMPREGADAS ENCAMINADOS A OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS PROFESIONAIS

Durante este mes de decembro e antes dunha pequena parada con motivo das festas navideñas, os alumnos e alumnas dos curso de Xestión de Chamadas de Teleasistencia e de Organización e Xestión de Almacéns continúan coa sua formación de cara a acadar o Certificado Profesional correspondente.



ape  
Galicia

## OUTRAS NOVAS

### ❖ GALA CEO OURENSE

O día 1 de decembro no restaurante A Carballeira de Santa Cruz de Ourense celebrouse a entrega dos galardóns a 6 empresas ourensanas ás que a Confederación Empresarial de Ourense quixo homenaxear durante a súa Gala anual.

O presidente de APE Galicia, en representación da asociación quixo estar presente no acto ao que acudiron máis de 200 persoas e nas que o comercio, a sustentabilidade, a exportación, a empresa familiar, a innovación e a responsabilidade social foron as categorías premiadas e recaeron en: Cooperativa Amarelante, Grafitos Barco, Calzados Delfín, Delfín y María, Sterling y Jesús Adventus Plus Grupo Rural Manager, GRI Towers Galicia.



### ❖ INAUGURACION COWORKING CENTRO GALLEGO DE MADRID

O día 20 de decembro tivo lugar a inauguración dun novo Coworking na capital de España coa finalidade de convertirse nun punto de encontro

para as empresas galegas onde traballar e facer negocios en Madrid.

Ubicado no Centro Gallego de Madrid, no número 14 da rúa Carretas, este novo espacio dirixido por José Luís Caba Noblejas conta con salas de reunións onde os membros desta entidade poden desenvolver os seus proxectos, reunións etc.

O presidente de APE Galicia quixo estar presente na inauguración deste centro de negocios.



### ❖ ENTREGA DOS PREMIOS GALICIA DE INNOVACIÓN E DESEÑO 2023

Presidido polo presidente da Xunta de Galicia o día 21 de decembro celebrouse o acto de entrega dos PREMIOS GALICIA DE INNOVACIÓN e DESEÑO 2023 no Hotel Monumento San Francisco en Santiago de Compostela.

APE Galicia, na persoa do seu presidente e da secretaria xeral, estivo presente na entrega destes premios apoiando o papel da innovación e o deseño na competitividade das empresas.

Estes premios veñen a recoñecer a profesionais e empresas que contribúen a “mellorar a competitividade e a calidade de vida”.



Na categoría para empresarios e profesionais cunha traxectoria na que a innovación fose unha das súas características relevantes, nesta edición distínguese a **Carme Pampín**

Tres das categorías dos premios recoñecen a contribución de profesionais e equipos á mellora do prestixio do deseño galego e ás empresas que, ao incorporalo na súa estratexia de negocio, demostran o seu valor como panca de innovación. Resultaron premiados:

-**Uqui Permui**, responsable do estudio Uqui Cebra, en Santiago de Compostela, como profesionais de deseño

-**Ismael Velo** (Ourense) no apartado de talento emerxente no deseño.

-A empresa premiada como caso de éxito de incorporación do deseño á súa estratexia empresarial foi **Costa Comunicación Visual** (A Coruña).

As outras tres categorías dos galardóns buscaron recoñecer a profesionais e empresas de Galicia que contemplan a innovación como un elemento clave para o desenvolvemento da súa estratexia profesional e o seu crecemento empresarial.

A peme gañadora foi **Centum Research & Technology** (Vigo), e na categoría de grande empresa, premiouse a **Pasek Minerales** (Cariño).

Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>


O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



[https://www.instagram.com/ape\\_galicia/](https://www.instagram.com/ape_galicia/)





# APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

[info@apegalicia.es](mailto:info@apegalicia.es)

Dirección: Gajos de  
Mendoza Nº2, Bajo 2 -  
36001 Pontevedra



